





**Exixen a retirada do proxecto de modificación da Lei Galega de Saúde e o desenvolvemento da Lei de 2008**



Compostela, 5 de febreiro de 2018. Unha gran concentración de cidadáns en defensa da sanidade pública. A imaxe mostra unha gran multitude de persoas reunidas nunha praza, moitas delas portando bandeirolas vermellas e azuis, símbolo da Galiza. Tamén se poden ver algunhas pancartas, como a que leva as letras 'CIC'.



[Dois centenares de persoas toman Compostela en defensa da sanidade pública e contra a lei de saúde](#)  
Manifesto

## Sanidade Pública Galega está en perigo

Desde a chegada ao poder de Núñez Feijoo a Xunta de Galiza, recortáronse dramaticamente os recursos do Sistema Sanitario Público Galego, tanto en orzamento, como en camas hospitalarias ou en prazas de persoal. O abandono do Plan de Mellora da Atención Primaria deixou sen construír máis de 60 Centros de Saúde e reduciu o seu orzamento ao 11% do gasto sanitario (moi lonxe do 25% acordado cos traballadores do sistema).

Estes drásticos recortes son os responsables das inadmisibles listas de agarda nos hospitais e centros de saúde, dos colapsos das urxencias hospitalarias e das dificultades de acceso á

atención nos hospitais comarcais.

Os únicos beneficiarios desta política foron as empresas privadas, especialmente as multinacionais que están a apoderarse do sistema e que incrementaron nun 42% a concertación co SERGAS.

E agora o Sistema Sanitario Público Galego, enfróntase a dúas novas ameazas:

1.- A aprobación da Lei de Garantías de Tempos de Espera, que fixa en 60 días o límite para unha intervención cirúrxica e en 45 días para unha proba diagnóstica ou unha consulta co especialista. En caso de superarse este tempo, o SERGAS pagará ao sector privado a atención sanitaria destes pacientes.

Todo o mundo sabe que estes límites están por debaixo da media de espera, tanto da publicada polo SERGAS como nas listas ocultas ou non estruturais, que teñen sen reflexar a miles de pacientes.

A trampa de Feijoo para desviar a centos de enfermos da sanidade pública a privada consiste no seguinte:

- Primeiro nos recortes de recursos tanto en persoal como en infraestruturas, que retrasan as consultas, as probas diagnósticas e as intervencións cirúrxicas nos hospitais públicos. Isto leva consigo que nunca se cumpran os prazos que se marca o propio sistema co cal, sempre se sobrepasa e xa temos a desculpa para derivar os pacientes a privada.
- Na tolerancia da dobre dedicación, pública e privada, de moitos profesionais, especialmente os que teñen responsabilidade na xestión. Non é difícil adiviñar que traballar para os centros públicos e á vez nos privados, permite lucrarse da baixa actividade nos servizos públicos.

Esta Lei forma parte dunha estratexia da Xunta de privatizar a atención sanitaria, trasladando a miles de pacientes da sanidade pública a privada. Está xá calculado que 86 pacientes pasan diariamente da Sanidade Pública á privada, desde o día 10 de xaneiro que entrou en vigor a aplicación, por parte do Sistema Público, da derivación dos pacientes a privada. O mesmo

SERGAS está a chamar aos pacientes en espera, para que vaian aos centros concertados, descapitalizando así un sistema sanitario público, xa moi depauperado.

2.- O proxecto de modificar a Lei Galega de Saúde, elaborada polo bipartito no ano 2008, que xa entrou no Parlamento para discusión o 6 de febreiro do 2018 (pasado mañán) que en caso de ser aprobado:

- Desmantelará os hospitais comarcais, dificultando así o acceso á asistencia especializada a poboación rural e máis envellecida, e recentralizará o control da Consellería de Sanidade, sobre a atención da saúde. Por outro lado, moitos pacientes atendidos nos centros comarcais, acabarán nos Complexos Hospitalarios, incrementando así as listas de agarda dos mesmos.

- Perpetuará as Estructuras de Xestión Integrada (EOXIS) que someten á Atención Primaria ás Xerencias Hospitalarias, en detrimento da promoción, prevención e atención próxima da poboación. Acabar co actual modelo de Atención Primaria suporá acabar coa promoción e prevención de saúde (que non é negocio) e darlle o beneficio á estratexia baseada na curación que pode ser transformada nunha mercancía máis.

- Privatizará a formación e investigación e a innovación sanitaria (I+D+I), consolidando a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, e outros chiringuitos, onde participan empresas multinacionais, que xa acaparan unha gran parte de fondos públicos, destinados á investigación de saúde. A sanidade pública pon o diñeiro, os profesionais, os medios diagnósticos, o persoal e os pacientes, e as multinacionais quédanse coas patentes. Na Lei, Núñez Feijoo recoñece que o novo obxectivo do SERGAS, será favorecer o desenvolvemento empresarial de Galiza, en lugar de garantir a saúde da poboación.

- Acabará coa participación social para o control da Sanidade Pública Galega: pasa a ser unha pantomima, escoitar sen decidir. A participación cidadá quedaría ao arbitrio da consellaría de sanidade pois, por decreto, decidirá quen participa e quen non na fiscalización do desenvolvemento da Sanidade Pública Galega.

- Favorecerá a creación de chiringuitos de xestión privada para xestionar unha parte importante do sistema e para laboralizar o persoal, potenciando así o favoritismo e a arbitrariedade na contratación do persoal sanitario.

Levamos anos denunciado e mobilizándonos dende a Plataforma SOS Sanidade Pública de Galiza; manifestándonos contra a política de recortes, o desmantelamento e a privatización do noso Sistema Sanitario Público Galego por parte do Partido Popular.

Pese aos desmentidos do seu goberno a realidade é teimuda, as listas de agarda crecen e

ocúltanse, os pacientes teñen que esperar días e semanas para ser atendidos nos seus centros de saúde, as urxencias colápsanse periodicamente, os Hospitais comarcais perden profesionais e servizos e a poboación rural debe facer quilómetros para recibir asistencia hospitalaria; os profesionais sanitarios sofren unha sobrecarga de traballo inaceptable e unhas condicións laborais cada vez máis precarias.

Mentres tanto, grazas a Núñez Feijoo, a patronal privada, as multinacionais, os fondos de inversión, os fondos voitres e os grupos de presión dos profesionais da xestión, se están a quedar co sistema sanitario público galego, facendo grandes negocios co diñeiro público a costa da saúde dos galegos e galegas.

Só unha gran mobilización social e profesional pode frear esta política privatizadora impulsada pola Xunta de Galicia.

Exiximos:

1.- A retirada do proxecto de modificación da Lei Galega de Saúde. Que por consenso se desenvolva a Lei Galega de Saúde existente dende o ano 2008.

2.- Que se poñan os medios para cumprir os prazos que estipula o Decreto Lei de Garantías das prestacións sanitarias.

3.- A apertura dun proceso de negociación para abordar as consecuencias do deterioro do sistema sanitario público galego, polos recortes e privatizacións.

Grazas a todos e todas polo voso esforzo e participación.

Seguiremos nesta loita.

Non, Non, Non, a privatización.

Pese aos desmentidos do seu goberno a realidade é teimuda, as listas de agarda crecen e ocúltanse, os pacientes teñen que esperar días e semanas para ser atendidos nos seus centros de saúde, as urxencias colápsanse periodicamente, os Hospitais comarcais perden profesionais e servizos e a poboación rural debe facer quilómetros para recibir asistencia hospitalaria; os profesionais sanitarios sofren unha sobrecarga de traballo inaceptable e unhas condicións laborais cada vez máis precarias.

Mentres tanto, grazas a Núñez Feijoo, a patronal privada, as multinacionais, os fondos de inversión, os fondos voitres e os grupos de presión dos profesionais da xestión, se están a quedar co sistema sanitario público galego, facendo grandes negocios co diñeiro público a costa da saúde dos galegos e galegas.

Só unha gran mobilización social e profesional pode frear esta política privatizadora impulsada pola Xunta de Galicia.

Exiximos:

1.- A retirada do proxecto de modificación da Lei Galega de Saúde. Que por consenso se desenvolva a Lei Galega de Saúde existente dende o ano 2008.

2.- Que se poñan os medios para cumprir os prazos que estipula o Decreto Lei de Garantías das prestacións sanitarias.

3.- A apertura dun proceso de negociación para abordar as consecuencias do deterioro do sistema sanitario público galego, polos recortes e privatizacións.

Grazas a todos e todas polo voso esforzo e participación.



Seguiremos nesta loita.

Non, Non, Non, a privatización.